



Moitas grazas Alcalde,

Queridos amigos tricantinos, boas noites, BOAS NOITES! a todos e un saúdo moi especial aos que vos atopades aquí, con ganas de comezar as festas do Nadal.

En primeiro lugar queremos expresar o noso agradecemento ao Concello por convidar a oficiar hoxe de pregoeiros ao Centro Galego de Tres Cantos na inauguración das Festas Do Nadal deste ano, festas que transmiten ilusión especialmente nos nenos, eles son os verdadeiros protagonistas.

A satisfacción por estar aquí con todos vós, permítenos transmitir sentimentos e recordos da nosa querida terra galega. Cando eramos nenos con que ansias esperabamos estas festas.

Do mesmo xeito que en case todas partes, o Nadal en Galicia é sobre todo unha festa familiar, na que moitos galegos retornan ás súas aldeas e lugares de orixe para comer na casa familiar e cantar panxoliñas, que é como se chaman alí as panxoliñas ao son de gaitas e pandeiretas.

Ademais, conta a lenda que durante o día de noiteboa tamén acoden á casa os espíritos dos antepasados familiares a quentarse en torno ao lume, nese recuncho tan entrañable e acolledor da casa galega chamado lareira, de aí o costume nalgunhas zonas de poñer unha mesa auxiliar con pratos de comida para as ánimas.

Na comarca "Terra de Trives, nas zonas do leste de Galicia (Ourense), existe unha figura mítica, O Apalpador (tamén coñecido

polo nome de Pandigueiro, representa a figura dun carboeiro, que segundo indica a tradición baixa a noite do 24 ou 31 de decembro, a tocar o ventre aos nenos para ver se comeron suficientemente durante o ano, deixando unha chea de castañas, eventualmente algún agasallo e desexándolles que teñan un aninovo cheo de felicidade e comida.

E se falamos de comida, Galicia é dicir gastronomía, non vou relatar a lista interminable de produtos galegos que seguramente xa tedes pensado consumir, seguro que acertaredes de pleno.

En fín, alegrádevos, que con esta festa chegou o momento da alegría. Saudádevos e abrazarvos coma se fose a primeira vez ou como vellos amigos que vos reencontrades.

Rompede por uns días a monotonía de todo o ano.

Un pobo que sabe divertirse a fondo, en paz e harmonía, que acolle todas as culturas e respecta as ideas, é un pobo culto e sabio. E Tres Cantos o é.

Desexámosvos que sexan estas as mellores festas que gozásedes, que se graven na memoria de todos, para que o seu recordo alivie a morriña dos que terán que irse de novo e anime aos que queden a seguir traballando xuntos, aparcar as diferenzas, para conseguir unha cidade máis habitable e feliz.

Queremos felicitar a todas as asociacións de Tres Cantos polo gran labor que realizan e especialmente ás nosas veciñas, as Casas Rexionais que manteñen viva as raíces dos nosos pobos e os nosos antepasados.

Para terminar imos cantar unha pequena panxoliña popular galego: Tricantinos, co agarimo do galegos Bo nadal. Bo nadal! e AGARIMOS

----- oooOooo -----

**Con un sombreiro de palla  
un galego a Belén foi,  
e mentres ollaba ao Neno  
comeulle o sombreiro o boi  
Deixde a os pastores  
Deixádeos pasar  
Que van a cantar a o rei  
A Xesús no portal  
Entre as pallas deitadiño  
E en coiriños alí está  
Sendo dono diste mundo  
E señor de canto hai**

Lo traduzco:

Con un sombrero de paja Dejad a los pastores Entre las pajas acostadito  
un gallego a Belén fue Dejarlos pasar Y desnudo allí está  
y mientras mira al niño Que van a cantar al rey Siendo dueño de este mundo  
le comió el sombrero el buey A Jesús en el Portal Y señor de cuanto hay